

A produción de contra-públicos e os contra-públicos da produción: unha entrevista con Oskar Negt

Monika Krause¹

Durante as últimas décadas botouse de ver unha recuperación do interese pola teoría do espazo público e esta teoría converteuse no instrumento principal para atender as condicións sociais cambiantes das prácticas democráticas. O debate sobre a “socioloxía pública” nos Estados Unidos de América (iniciado pola conferencia de Michael Burawoy na Asociación Sociolóxica Estadounidense) subliñou os fundamentos da comprensión de cómo é que funcionan os públicos: lémbra-nos que a análise da esfera pública non só é tarefa para especialistas do mundo académico, senón condición de toda práctica intelectual que tente reflexionar sobre as condicións da súa propia posibilidade e da súa efectividade no mundo.

A obra de Oskar Negt dá recursos cruciais para estes debates. En “Esfera pública e experiencia” (Negt/ Kluge 1993 [1972]), Negt e Alexander Kluge forneceron unha análise histórica dos límites da esfera pública burguesa e foron pioneiros na exposición do concepto de “contrapúblicos”. Nesta obra é crucial a atención que se presta á produción da experiencia: permitiu que Negt e Kluge fosen máis alá das nocións de subxectividade individualistas e racionalistas e tamén preparou o terreo pra trascende-lo dualismo de “cultura” e “economía”.

Este cambio formou o fundamento do que veu ser unha reconstrución da teoría crítica en conxunto. Nas décadas posteriores a “Esfera pública e experiencia”, Negt continuou a súa colaboración con Kluge en “Geschichte und Eigensinn” e “Massverhältnisse des Politischen” (Negt/Kluge 1981, 1993). O interese pola educación apréciase en toda a súa obra (dende o debate sobre o movemento estudantil en “Esfera pública e Experiencia” ó posterior “Kindheit und Schule in einer Welt der Umbrüche” (Negt 1997). En varios escritos Negt abordou cuestións sobre o traballo (a significación da loita polo tempo de traballo, a relación entre dignidade e traballo ou o papel dos sindicatos, á vez que sempre nos daba pulos para supera-las concepcións economicistas ou calquera outro tipo de concepcións estreitas do que é o traballo (Negt 1984, 1989, 2001, 2004).

O traballo de Negt foi infrutilizado polos sociólogos académicos de lingua inglesa. As máis das súas obras posteriores a “Esfera pública e Experiencia” seguen sen traducir (porén, véxase Negt 1976, 1977, 1978). A política de tradución da teoría crítica fixo que a súa obra fose case exclusivamente debatida por filósofos, teóricos da literatura ou membros dos departamentos de cinematografía das universidades anglófonas (Jameson 1988, Hansen 1993, Pavsek 1996).

Esta entrevista implica a Negt criticamente en conceptos cruciais da súa teoría dende un punto de vista sociolóxico e invítalo a discutir as súas aplicacións contemporáneas.²

¹ Publicado en 2006, no *European Journal of Social Theory* 9/1: 119-128.

² A entrevista fíxose en alemán no mes de setembro do 2004. Tradución ó inglés da entrevistadora.

MK Monika Krause
ON Oskar Negt

MK “Socioloxía pública” converteuse en cousa parecida a un slogan en Estados Unidos de América e moitos académicos andan a discutir arestora cómo é que os sociólogos poidan xogar un papel máis importante no público. Tal como se usa o termo, parece que un dos perigos é da-lo propio público por garantido e igualar “socioloxía pública” só con acadar un número de lectores máis grande. A súa obra suxire que o público da socioloxía ou de calquera outra forma de produción intelectual ten que se producir; non é posible surtir sen máis a un público.

ON Exactamente. A esfera é para min un proceso de produción máis ca un obxecto que pre-exista e que un poida surtir coas súas producións. Articúlase no proceso da práctica intelectual; poño por caso, por medio dun libro. Nos últimos anos producín con Alexander Kluge máis de cincuenta diálogos televisivos sobre conxuntos de cuestións moi específicas e unha práctica así produce o seu propio público. E este público pode logo ampliarse, mais non se trata de que sexa sinxelamente unha forma de popularización. O problema da tradución non pode reducirse a escribir máis sinxelamente. Dunha vez, un editor estadounidense pediulle a Adorno que rescribise “Filosofía da nova música” para o público estadounidense. O editor dixo que ninguén entendería o texto tal como é. Adorno, abofé, rexeitou rescribilo. Decote advirto, para a miña sorpresa, cando os libros non trascenden un certo conxunto de lectores, que non é sinxelamente unha cuestión de linguaxe, senón que adoito é tamén unha cuestión de contido. O meu editor díxome inicialmente que o meu extenso libro “Traballo e Dignidade Humana”³ venderíase moi de vagar. Sorprendeunos totalmente ós dous que se vendera moi logo; a primeira edición vendeuse en catro semanas e agora anda entre os seis mil e sete mil exemplares. Isto quere dicir que non só importa a linguaxe. A relación entre traballo e dignidade humana é tan central hoxe en día que é moita a xente se mete a traballar por medio dese libro extenso. Os problemas de tradución e educación ós que se refería van ser un dos temas centrais do libro no que estou a traballar xusto agora, sobre o xuízo político. A retórica e maila educación política son un elemento central do traballo de tradución.

Para esa forma de práctica pública é clave que un non conciba moi redutivamente os lugares nos que un fala. Falei moitas veces en congresos da igrexa, pero tamén por fronte de sindicalistas. Neste momento, a cuestión dos sindicatos é central e por iso participo en moitos actos con sindicalistas.

MK Ó desenvolve-la súa noción de contrapúblico apoiouse na experiencia do movemento obreiro en Alemaña. Pode aplicarse a outros contextos e conflitos e, de ser así, con qué cautelas?

ON Entendemos (eu, Kluge e outros) que a esfera pública proletaria é unha forma de contrapúblico, é algo que está en proceso, que denota un proceso, non un estado. Nese sentido, somos un tanto cautelosos coa construción de modelos de esferas públicas proletarias exitosas. Tamén debo dicir que no libro só falamos de comezos ou puntos de partida. A esfera pública proletaria non só se refire á clase obreira, senón a tódalas relacións dos oprimidos, a cousas e intereses que non se expresan.

³ O. Negt (2001) *Arbeit und menschliche Würde*. Göttingen: Steidl.

Cando xurde algo así coma un contrapúblico, tamén adoita implicar procesos atascados. A folga salvaxe dos traballadores da Opel deste ano 2004 en Bochum, por exemplo, mirárona con moita desconfianza os sindicatos oficiais porque non sabían onde ía. Nunca souberon onde ía porque non estaba planificada. Isto é para nós o inicio dunha esfera pública proletaria; un público concibido dende abaixo. As masas xa non se van deixar regular; non se van deixar dicir que non están iradas. En troques diso, implícanse en fusións, forman conexións. Nese sentido, o contrapúblico para nós é un proceso de solidariedade incendiaria entre xente que, dende outro punto de vista, ben pode ter ideas moi diferentes; sobre a cuestión dos extranxeiros, poño por caso. E nese sentido o contrapúblico é sempre o seu propio proceso de aprendizaxe, que ás veces mesmo pode ter consecuencias terribles cando, poño por caso, algo que se podería acadar ponse en perigo polo desacougo espontáneo. Gustaríame enfatiza-lo carácter de proceso. En contraste, a esfera pública burguesa é algo así coma un modelo predeterminado. Entón, os xornais, os medios de comunicación de masas, son neste caso a pantalla predeterminada, que filtra estas experiencias e ás veces non as transmite.

MK En “Esfera Pública e Experiencia” critican formas de acción política que se fundan nunha reprodución do mundo por medio de ideas abstractas e están arraigadas na división do traballo mental e manual. Qué é o que implica esta crítica da abstracción para o papel da teoría? A teoría crítica, non se apoia necesariamente en abstraccións? En qué nos fundamos para distingui-las abstraccións útiles e as danosas?

ON Cando falamos de abstraccións, usamo-lo termo no senso hegeliano de *abziehen*, a separación dos procesos de produción da vida. Pode acontecer que certas abstraccións reais (logo, non só abstraccións mentais, senón abstraccións reais) teñan grande influencia no empecemento ou bloqueo de tales procesos de produción da vida, e máis raramente para a facilitación de tales procesos. Hoxe, poño por caso, por cada dólar do fluxo real de mercaderías, o fluxo no mundo das finanzas é duns 150 dólares. Unha creba da bolsa de Nova York pode destruír economías enteiras, como pasou en Arxentina, cando a taxa de cambio arruinou de súpeto toda a economía arxentina. É unha abstracción real moi poderosa, que non ten nada a ver coa forza da economía arxentina. Xurde, logo, un nivel de abstracción que ten unha inmensa influencia no que está a acontecer na base social. Se falamos de intervención, sempre queremos dicir que nos referimos á concreción das condicións e iso quere dicir establecer un contexto, inverti-la fragmentación, significa logo o contrario ás abstraccións.

En certa maneira, a abstracción está tamén sempre asociada cunha validez de conceptos, categorías e logros históricos máis universais. Por exemplo, formulada en xeral, a idea de que despois de que a Ilustración pasou a ser un movemento intelectual non deberían usarse argumentacións anteriores a ela, é unha abstracción. Pero cando un di que para Kant a Ilustración é a saída do home da tutela auto-inducida, concrétese logo un principio xeral da liberdade de movemento da xente: a liberdade de transcender prexuízos e nesgas (*Voreingenommenheiten*) que previamente se mantiveran. Esta é unha abstracción útil.

Non somos concretistas, quere dicir, xente que só apela ás experiencias inmediatas. Seguimos estando implicados nas teorías xerais e nas tradicións da teoría e argumentamos valéndonos delas. Porén, non só é que as conservemos en canto forma de herdanza cultural, senón que traballamos con elas. Entón, ás veces, tales abstraccións son útiles.

MK Cal é, logo, o papel da teoría?

ON O papel da teoría consiste no feito de que só neste nivel se pode producir algo parecido a un contexto político para a interpretación (*Zusammenghang*). Isto é tamén a nosa crítica do positivismo, do home fáctico e da ciencia dos feitos. Husserl, o grande fenomenólogo, dixo dunha vez que a ciencia dos feitos só produce homes fácticos e entón esta ciencia dos feitos sempre se funda na xustaposición de feitos illados. A teoría no noso sentido ten a función de crear contextos e relacións (*Zusammenhang*). A teoría é a produción do contexto político para a interpretación (*Zusammenhang*).

Un elemento importante da teoría consiste na crítica do fragmentado. Entón, isto é, de seu, un proceso de produción, de novos contextos no que doutro xeito serían cousas máis fragmentadas da realidade social.

MK A experiencia é unha forma de teoría? Cal é a súa relación coa teoría?

ON Segundo a concibimos nós, a experiencia é unha forma de implicación da xente coa realidade que vai máis alá das sensacións ou dos momentos vividos (*Erlebnisse*). É realidade xa procesada e preservada. Nese sentido é unha elemento crucial do equipamento e contido dos procesos da teoría.

Miriam Hansen explicouno ben na súa introucción a “Esfera pública e experiencia”. A palabra inglesa “*experience*” é máis limitada cá alemá “*Erfahrung*” porque o termo alemán refire tamén ó proceso interior do ser humano e tamén contén nese sentido un elementode auto-experiencia. Só na medida en que este proceso interior de formación sexa posible, podemos abrírnos ós obxectos.

Neste sentido, a idea de pensamento dialéctico continúa a xogar un papel importante na miña obra e na de Alexander Kluge, quere dicir, a constelación de suxeito e obxecto non se pode esgazar. Cando o suxeito se carga con feitos de experiencia, os obxectos cara ós que o suxeito está orientado cambian tamén. Esta forma viva é o que chamamos experiencia, e nese sentido a experiencia é unha parte constitutiva da creación da teoría. Non é idéntica. Non cremos que dos procesos de experiencia dos individuos xurda algo parecido á teoría. Pensamos que a teoría ten a súa lóxica propia e a súa tradición. Por esta razón retrocedemos ata as grandes tradicións filosóficas de Aristóteles, Kant e Marx. E incluimos a experiencia acumulada e conservada destas tradicións no noso concepto de teoría.

MK Situou a experiencia no centro da teoría crítica, que se aferra á idea dunha transformación fundamental da sociedade. Esta posición non sobrestima as maneiras en que os conflitos subxacentes poden experimentarse nunha sociedade complexamente mediada?

ON Nisto, un só pode empezar pola súa propia conta, a partir de si. Na miña experiencia, a idea dunha transformación fundamental da sociedade segue a ser unha idea, pero instrúe os pasos concretos de maneira diferente a como serían se ista idea estivese ausente. Por esta razón argumento a favor da utopía no sentido de que quizias cada ser humano ten na súa cabeza unha idea de cómo serían a sociedade e a súa vida. Son estas utopías que funcionan dentro de todo ser humano. Penso que esta función da utopía, que Bloch describiu, é válida. É unha imaxinación ilusionada, mesmo se é totalmente retorta. Contén esperanzas e expectativas de condicións de vida que nin sequera desaparecen cando un padece doenzas psicolóxicas. Trascenden sempre a condición presente. E son moi importantes para o pensamento que fai conexións e establece contextos, secomasípara a acción.

Adorno dixo en certa ocasión: “Quen non coñece o que trascende o dado, tampouco entende o dado.”

Esta tensión, co cambio concreto por unha banda e, pola outra, aquilo que se adoitaba se-la idea de revolución, é un tópico moi vello. Rosa Luxemburgo expúxo a criticamente denominándoa a dialéctica de reforma e revolución. Hoxe ten moitas outras facetas, mais penso que o problema central é aínda o feito de que o exceso de feitos destrúe as normas, a preocupación por cómo é que debería se-lo mundo. O equilibrio alterado entre “é” e “debería ser”, a hexemonía do ser (non sentido social, non no Heideggeriano) é un problema central, e estou traballando nel.

Se a pregunta é: cal é o punto que podo usar para trastornar todo o sistema, ese punto arquimedeano, que forma parte das vellas teorías revolucionarias, debo dicir que non existe. Porén, hai algo así como unha multitude de puntos arquimedeanos.

MK A súa análise obtén parte da súa distintividade de ter sistemáticamente en conta algo así coma unha base psicolóxica. Vostedes toman moi en serio a angustia da xente, tamén as súas necesidades e esperanzas. Podería explicar cales son os seus presupostos a este respecto?

ON Certo. Extendemos a noción de subxectividade cara abaixo, con respecto ó nivel profundo da subxectividade, pero tamén cara arriba, en dirección ó nivel da conciencia. Tento traer toda a tradición da filosofía ó presente. Logo, non só sometemos a consideración o equipamento da subxectividade, o labor da subxectividade. Comparto isto con Alexander Kluge; non facemos unha separación clara entre suxeito e obxecto. Sempre hai relacións suxeito-obxecto. O traballo que o suxeito fai sobre si está sempre mediado polo traballo dos suxeitos en obxectos, e os procesos relacionados das experiencias e a auto-experiencia (ou experiencia dun mesmo). Pégome moi estritamente á dialéctica suxeito-obxecto. É, basicamente, psicanálise feita materialista. Os conceptos freudianos coma a estrutura da persoa, o inconsciente, o superego ou os pulos son de grande importancia para nós. A versión orixinal de Freud é de grandísima importancia analítica para min.

MK Qué diferenzas comporta a vosa concepción da teoría crítica para o ensino? Que queda das reclamacións emancipatorias do ensino herdadas da ilustración cando se repensa en termos de prácticas materiais e relacionais?

ON A este respecto, só podo falar da miña propia práctica. Sempre din clases longas, catro horas á semana cada dous días. Observei que con toda esta fragmentación do coñecemento e división do traballo, a xente ten moita necesidade de relacionar, de relacionalidade (*Zusammenhang*). Por esa razón, sempre tornei a textos da antigüidade nesas leccións ou conferencias, sexan sobre a globalización ou sobre as orixes do pensamento europeo. Ensino textos gregos mais combínoos con exemplos históricos e relaciónoos sempre co presente. Os meus alumnos de socioloxía sempre aprenderon todo en diferentes contextos. Cando expoño Heráclito, logo, poño sempre exemplos da vida cotiá e así manteño a conexión co presente. Son textos sedimentados, co tipo de experiencia sedimentada que hai na filosofía. No meu ensino, valinme fundamentalmente das miñas experiencias en dous contextos de aprendizaxe: un foi a escola de Glocksee, o proxecto educativo que fundei aquí en Hanover, que se dedica á experiencia e á aprendizaxe dos nenos. O outro é o das institucións educativas dos sindicatos, e ocúpase dos adultos. Deste maneira, en certas ocasións, podería fascinar á

xente co que chamo pensamento público. Aprendín isto de Adorno. Habermas non o fixo tanto. Habermas lía das súas notas durante as súas clases e as súas clases non eran tan boas. Fun o seu axudante durante oito anos e vin como a xente aborrecía durante esas clases. Porén, Adorno falaba apoiándose nas notas case sen preparación ningunha, como se atendese ás indicacións dun dos meus textos favoritos: “*Sobre a formulación gradual das ideas mentres falamos*”, de Kleist. Isto induciu sempre ós alumnos a pensar tamén pola súa conta e a aprender. Preocupeime fundamentalmente de crear motivos para aprender, máis do que limitarme só a compartir coñecemento. Por iso usei decote combinacións, como cando impartín clases sobre “Hegel e o postmodernismo” durante dous semestres. Ou Freud e Kant combinados para confronta-la filosofía da validez de Kant e a maneira xenética de pensar de Freud a fin de crear friccións. Sempre gocei dese tipo de leccións. En contraste, os seminarios pequenos sempre me custaron moito; ó cabo, deixei de facelos.

MK É interesante, porque as leccións longas están moi depreciadas no discurso actual sobre as universidades alemás: considéranse só unha maneira barata de ensinar.

ON Eu mesmo e outros aprendimos moito máis por medio desas leccións e conferencias do que por outros medios. Os seminarios con Horkheimer e Adorno, poño por caso, nos que participaban por volta de vinte, vintecinto ou trinta persoas eran verdadeiramente deprimentes e dorosos, porque a presión non só para parecer intelixentes, senón tamén para dicir cousas intelixentes sometía ós alumnos a moita tensión. En contraste, a escoita sen máis tarefa (*entlastetes Zuhören*) depende en certa medida da anonimidade e esa anonimidade ten algo produtivo. Richard Sennett expuxo criticamente o importante que é este equilibrio entre distancia e proximidade nos seus libros sobre as cidades. Especialmente na academia, é moi importante que os alumnos teñan a oportunidade de oír sen estar sometidos a presión.

MK Cales son as liñas de conflito dentro das universidades hoxe e qué pasaría se ó cabo se articulasen politicamente?

ON É unha pregunta que resulta difícil responder neste momento. As universidades están nunha fase de cambio radical. Tamén está a acontecer nos Estados Unidos de América pero de ningunha maneira na medida en que acontece en Alemaña. As universidades están converténdose practicamente en corporacións e formas de aprendizaxe de fóra da universidade impórtanse á universidade por razóns comerciais. Penso que polo momento as liñas son tan complexas que as liñas claras da protesta ou dunha esfera pública non se poden producir aínda. Porén, hai un potencial para o desacougo. Un potencial non estruturado. Ninguén está verdadeiramente satisfeito con este cambio na educación universitaria e na educación en xeral e, entón, eu presumo que nalgún intre estas contradicións han articularse e intensificarse. Porén, é difícil dicir qué formas van coller estes conflitos. Podería ser que os conflitos sociais que xurdiron da destrución do estado de benestar e do deterioro da vida pra grandes partes da poboación creen logo algo que permita á protesta facerse visible nas universidades, nunha acción colectiva que aínda non é visible.

MK Cómo é que afecta isto ós intereses que se articulan por medio da universidade, ó papel que as universidades poden xogar no público máis amplo?

ON Penso que hai polarización dentro da universidade e polarización da educación universitaria. Este proceso pode levar moito máis tempo funcionando subrepticamente

nos Estados Unidos de América. As Universidades privadas máis prestixiosas, as universidades da Ivy League, que contan con dotacións de millóns, son radicalmente diferentes das universidades medias. Este proceso non existiu ata agora nas universidades alemás. A loita pola sobrevivencia que caracteriza ó darwinismo social non se organizou ata agora a xeito de competición entre universidades. Temo que esta polarización se estea dando entre as universidades de elite financiadas pública e privadamente, por unha banda, e cursos de aprendizaxe curtos pragmaticamente limitados, por outra banda. Este podería ser un elemento que destrúa a tradición que vén de Humboldt.

É unha das ironías da historia que a proposta de universidades de elite a fixeran os socialdemócratas. A asunción consciente da desigualdade entre universidades fora ata agora tabú en Alemaña. Porén, con isto, aparece un pensamento que está conectado co principio de “servizo ó momento”, entón o coñecemento prodúcese para o curto prazo, con graos ou licenciaturas curtas, cousa que é unha desvantaxe a longo prazo nesta forma de produción moderna. Os procesos de aprendizaxe a longo prazo que motivan a aprender máis van facerse cada vez máis importantes, esa é a aprendizaxe da aprendizaxe. Mais estes graos curtos (ou licenciaturas curtas) non son procesos de aprendizaxe intensivos, senón de apropiación de contidos e nese sentido é unha tendencia fatal, que se está a expandir cando esas relacións económicas están secuestrando, ou tomando, de maneira crecente o sistema educativo.

MK Sempre fuches un compañeiro crítico dos sindicatos. Cales son os desafíos do movemento obreiro hoxe?

ON Na actualidade os sindicatos abofé que están nunha situación moi difícil. Ese é o problema do que me ocupo no meu último libro. Os sindicatos están neste momento loitando literalmente pola sobrevivencia, polo salvamento. Non poden funcionar a longo prazo se non teñen certa idea de como debe se-la sociedade. Este é o problema central e eu manteño que, se os sindicatos non queren perde-lo seu papel central de representar intereses colectivos, teñen que construír extensións. Teñen que extende-lo seu concepto de traballo, o concepto de intereses, do seu mandato político, do seu mandato cultural, cousa que significa que lles cómpre desenvolver máis ca intereses relacionados co posto de traballo.

O concepto tradicional de traballo nos sindicatos é máis ben limitado, referíndose principalmente ó traballo industrial, quere dicir, ó traballo nunha fábrica organizada. Agora temos formas de traballo que se sacan da fábrica, moitas cousas prodúcense en casa. Hai moitas áreas nas que a xente traballa mais non recibe pagamento. Criar nenos non ten recoñecemento de traballo. Isto afecta especificamente ás mulleres, como se amosa, poño por caso, no novo informe sobre pobreza e riqueza do goberno federal. Afecta fundamentalmente ás mulleres que traballan pero que aínda gañan un terzo menos. Un concepto de traballo tan centrado no traballo industrial xa non é suficiente. Hai moitas formas de traballo informais e hai que lles dar máis valor. Hai formas de traballo de relacións, de traballo que non é industrial nin relacionado coas mercaderías que teñen que levarse á conciencia social.

Os sindicatos tamén necesitan extende-lo seu concepto de intereses. Un concepto de interese que se limite ó interese nos soldos nin sequera é suficiente para loitar por estes intereses salariais. Teñen que desprazarse ás dimensións culturais para sobrevivir nestas loitas. Por iso é polo que defendo unha base organizativa para os sindicatos fóra dos postos de traballo. Os contextos vitais están cada vez máis ancorados fóra dos postos de traballo, e os sindicatos aínda son cegos para iso.

MK Nos seus escritos, insiste na referencia ó todo. Os contrapúblicos sempre xurden no contexto dunha relación con outras formas de esferas públicas, e vostede insiste na necesidade de restablecer sempre esa conexión. Pero tamén parece asumir que o todo está ancorado no nivel nacional.

ON Sempre é máis ou menos así. Só cando se inclúe a noción de globalización, que polo momento redúcese a dimensións de libre comercio no que é a sociedade mundial, acádase unha perspectiva que abandona os territorios nacionais. Porén, manteño a opinión de que a tensión entre as relacións globalizadas e os procesos de produción propiamente ditos debe manterse. A produción non é global, o intercambio de bens é global pero na medida en que atinxe á produción dun ser humano, nas familias, nas escolas, é moi local e vinculada ó lugar. Hai unha dialéctica entre problemas xerais, quere dicir, problemas da sociedade mundial, e os lugares de produción que seguen a ser concretos con respecto ás relacións globais e tamén con respecto ás relacións europeas. Imos estar cada vez máis defrontados con esas relacións, nas que, sexa como for, xurden problemas inmensos. Se, por exemplo, os problemas do traballo non se resolven, entón en Europa imos ter máis xeralmente unha situación coma a de Holanda, na que o descontento da xente vai dirixirse contra os forasteiros, cousa que transforma de súpeto a situación multicultural en cousa parecida a un ataque de ira. Holanda sempre se considerou o país no que as culturas convivían pacíficamente e de súpeto toda unha sociedade estoupa, en parte debido a que o clima social se deteriora. Isto sempre leva a proxeccións dirixidas ó inimigo interior. Tamén isto é posible en Alemaña. Seis ou sete millóns de parados proxectan unha imaxe dunha sociedade na que algúns problemas non se poden resolver. Isto produce temor e fantasías proxectivas. Quen é a causa da calamidade? Isto leva sempre a proxeccións étnicas, limpezas étnicas e fantasías étnicas: ó extranxeiro bótaselle a culpa de todo.

MK Ve vostede o fundamento para un contrapúblico global?

ON Hai a solidadriedade internacional, que fan evidente organizacións non gubernamentais coma Amnesty International, Greenpeace e tamén organizacións humanitarias coma CARE internacional. Hai moitos contextos que relacionan coa asistencia solidaria. Mais hai poucos contextos de experiencia que se preocupen da produción.

O problema de Irak, igual ca en Afganistaán, é que na medida en que a produción non se eleve ata un nivel que permita competir no mercado mundial, nunca será un país capaz de vivir en paz, aínda que se manteñan alí soldados durante douscentos anos. Afganistán non pode sosterse en termos de produción excepto no tocante ó haxix, quere dicir, á droga. Se destrúen tamén a produción de droga, non hai produtos afganos no mercado mundial; e ó non habelos, non pode ser unha sociedade que viva en paz. Trátase dun contexto moi diferente do que experimentei en China, onde se construíu unha sociedade industrial con inmensas taxas de crecemento. Shanghai é unha segunda Nova York, tamén no tocante ós rañaceos e ó horizonte. O edificio Hyatt é o segundo máis alto da China e o aeroporto é hipermoderno. Porén, nas áreas rurais aparece o desemprego masivo. E iso en China sempre significa moita xente: trescentos millóns de parados e cincuenta millóns de traballadores emigrantes. Porén, hai algo parecido a unha base para a produción que pode competir nun mercado global.

A ocupación de Irak custa 37.000 millóns de dólares ó mes. Imaxine que se puidesen usar eses 37.000 millóns de dólares mensuais na construción de lugares de produción!

Eu diría que, de se usar ese medios desa maneira, habería unha democracia en Irak ben máis logo ca por medio da ocupación permanente. Nese sentido, esta sociedade global necesita que aconteza o absurdo: que o capitalismo cree a súa propia competencia, cousa que abofé non fai. Se os capitalistas queren mercado libre, a creación de produción nestes países e daquela a produción dos seus propios competidores produciría igualdade de oportunidades e é nisto no que se botan en falla proxectos. Neste nivel de produción, bótanse en falla proxectos, pero non fallan por accidente. Se o capitalismo é dominante como hoxe é, non alimentará os seus propios competidores.

Bibliografía

Hansen, Miriam (1993) "Introduction" en Negt, Oskar e Alexander Kluge, *Public Sphere and Experience*. Minneapolis: University of Minnesota Press.

Jameson, Fredric (1988) "On Negt and Kluge", *October* (46) 151-177.

Negt, Oskar (1976) "The Non-Synchronous Heritage and the Problem of Propaganda", *New German Critique* (9) 46-70.

(1977) "Terrorism and the German States Absorption of Conflicts", *New German Critique* (14) 15-27.

(1978) "Mass-Media –Tools of Domination of Instruments of Liberation-Aspects of Frankfurt-School's Communication Analysis", *New German Critique* (14) 61-80.

(1984) *Lebendige Arbeit und enteignete Zeit. Politische und kulturelle Dimensionen des Kampfes um die Arbeitszeit*, Frankfurt, Nova York: Campus.

(1989) *Die Herausforderung der Gewerkschaften*, Frankfurt, Nova York: Capus.

(1997) *Kindheit und Schule in einer Welt der Umbrüche*. Göttingen: Steidl.

(2001) *Arbeit und menschliche Würde*, Göttingen: Steidl.

(2004) *Wozu noch Gewerkschaften? Eine Streitschrift*. Göttingen: Steidl.

Negt, Oskar e Alexander Kluge (1993) *Public Sphere and Experience*, Minneapolis: University of Minnesota Press.

(1981) *Geschichte und Eigensinn*, Frankfurt/Main: Zweitausendeins.

(1992) *Massverhältnisse des Politischen*, Frankfurt/Main: Fischer.

Pavsek, Christopher (1996) "History and Obstinacy: Negt and Kluge's Redemption of Labor", *New German Critique*, 68, 137-163.

Monika Krause traballa no departamento de socioloxía do Goldsmith's College de Londres dende o ano 2011. Correo electrónico: m.krause@gold.ac.uk

Oskar Negt é profesor emérito de socioloxía na Universidade de Hanover. Enderezo:
Institut für Soziologie und Sozialpsychologie, Universität Hannover, Schneiderberg 50,
30167 Hannover, Alemaña.